



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2020/3

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, XOVES 23 DE ABRIL DE 2020 -

No día de hoxe, ás 19:00 horas, Casa consistoral: Celebración telemática. Aos efectos xurídicos, terásese por celebrada na sede do concello, baixo a presidencia do alcalde, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

ASISTEN:

PSOE

MONICA VILELA VILELA

OLALLA BENLLOCH LEMA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

MANUEL CARAMES LOPEZ

TANIA ROMERO GARCIA

BNG

CARLOS FERNANDEZ CONCHEIRO

PP

JAVIER LEMA SUAREZ

SOFIA LOPEZ SIMON

SANDRA VILELA RIVEIRO

AUSENCIAS:

PSOE

IRMA LUCIA GARCIA BARCIA

SECRETARA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

INTERVENTORA: MONICA IGLESIAS PREGO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da Acta da sesión anterior
2. Modificación do orzamento 4/2020. Suplemento de crédito financiado con Remanente de tesourería para gastos xerais.

Pola Secretaria compróbase a conexión de todos os integrantes do Pleno, salvo Dña Irma García Barcia.

Previamente ao inicio da sesión, o Sr Alcalde intervén: “ É o primeiro pleno que celebramos telematicamente e queremos agradecer en nome de toda a corporación á Policía Local, a Protección



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Civil, aos operarios municipais, aos

servizos administrativos municipais, que se adaptaron ás dificultades da situación . Tamén queremos agradecer aos sanitarios, que fan unha fantástica labor, ás familias dos enfermos, e sobre todo grazas aos veciños de Muxía que están a ter un comportamento exemplar, enviándolles dende aquí unha mensaxe para que sigan a lutar para volver á normalidade o antes posible”.

A continuación iníciase a sesión:

1.-Aprobación acta sesión anterior.

O Sr. alcalde manifesta que para que sexa mellor o sistema de recuento de votos neste sistema de celebración do pleno, propónse que a votación sexa nominal, empezando polo grupo con menos representación e correlativamente os outros..

Os grupos municipais móstranse de acordo.

Sometida a votación o acta da sesión anterior queda aprobada por unanimidade dos membros do pleno.

2.- Modificación do orzamento 4/2020. Suplemento de crédito financiado con Remanente de tesourería para gastos xerais.

A Secretaria , a petición da Alcaldía, da lectura ao punto da Orde do Día, da proposta do cal teñen copia os grupos municipais.

Inicia o debata a voceira do PP Dña Sandra Vilela: ” Antes de nada queremos unirmos aos agradecementos feitos polo Alcalde e recordar neles a outros sectores como os farmacéuticos e o profesorado en xeral, que tamén se tiveron que adaptar a situación. Lembrar tamén aos nenos para que nes esta situación é máis difícil de entender.

Queremos dicir tamén, que despois de mes e medio nesta difícil situación, esperábase un pouco máis do primeiro pleno, esperábase que se trouxeran medidas reais. Cando pensa tomar decisións reais? Este grupo fixo propostas e non se contestou. Se ten dúbidas de como facelo podemos dicirlle como e se non quere esas medidas ten a nosa man tendida para levalas a cabo. O PP de Muxía vai ser leal con Muxía, cos veciños e pídolle que vostede governe cos grupos políticos de Muxía. Séntese a falar coa oposición e ca xente que estamos preocupados pola situación”.

Intervén seguidamente o voceiro do BNG, Sr Fernández Concheiro: “ A miña intervención ía un pouco no senso do da voceira do PP, creo que é preciso colaborar. Non sabemos cales van a ser as medidas do goberno central ou da Xunta, e debemos de colaborar para axudar á xente de Muxía. Pido tamén reunións coa oposición para falar dos orzamentos que quere presentar, de que se vai a facer no verán, vai a ser un desastre para o turismo. Non podemos facer política desta traxedia, temos que facer parede entre todos”.



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

O Sr. Alcalde contesta: “ Dende o minuto 0 actuamos con rapidez en todo o que podemos, fomos os primeiros non só en facer este tipo de plenos, se non tamén en desinfectar as rúas, os colectores, en dar saída a actividades que podían facerse dende o concello, en reorganizar todo o sistema de Concello para adaptalo á nova situación. Antes de ditarse o estado de alarma, nós xa pechamos instalacións municipais, espazos públicos, actos para evitar turistas, atendéronse con voluntarios persoas para compras e traslados, etc.

Ata agora fíxose unha xestión de choque. O orzamento estaba a punto para presentarse naquel momento e agora hai moitas cousas que cambiar, que reordenar. Unha vez que faga o prantexamento do novo orzamento , falarei coa oposición e vendo a súa actitude falarei sobre iso. O PP solicitou un pleno extraordinario propoñendo medidas económicas e estamos analizando o proposto, por secretaria e intervención, para ver a súa viabilidade.

O peso maior desta situación padécena os concellos porque estamos máis cerca da cidadanía. Esperemos as medidas concretas do goberno central e Xunta e unha vez coñecidas anunciarei as medidas económicas do Concello. Pasadas as primeiras medidas de choque falaremos de medidas a máis largo prazo, como os orzamentos.”

Volve a intervir Dna Sandra Vilela:” Non vou entrar a debater sobre as medidas doutras administracións porque creo que non é momento nin lugar, e porque como concellera deste concello o único que teño na cabeza é como axudar aos veciños de Muxía, o resto do debate non me importa. Non quería comentarllo pero por que se rexeitou axuda da Xunta para desinfectar o centro de Saúde? Prestámonos a colaborar e non nos chamaron, a xente que ía o luns a traballar díxoselle que non había material. Debes de sentarte a falar coa oposición, non é momento de intentar sacar rédito político, se non de facer xuntos o mellor para Muxía.”

Volve a Intervir D Carlos Fdez: “ Reitero o que dixen antes, non fagamos política con este tema, fai propostas”

O Sr. Alcalde resposta: “Ofreceron a axuda para esa desinfección cando xa a tínhamos feita e considerei que era mellor que facerse noutros concellos nos que fixera falta.”

A continuación somete a votación o asunto.

Votan a favor os integrantes do gm PP (Sra Vilela, Sra López, Sr Lema), BNG (Sr. Fdez Concheiro) e PSOE(Sra Vilela, Sra Benlloch, Sr Caramés, Sra García Romero).

O Sr. Romar, por problemas técnicos figura desconectado iniciado o debate, polo que se considera abstención.

O Pleno acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 4/2020 do Orzamento da Corporación para o ano 2020 mediante suplemento de crédito financiado con Remanente Líquido de Tesourería por importe neto de 68.000 euros de acordo co seguinte detalle:

GASTOS A INCREMENTAR.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

APLICACIÓN	INCREMENTO	FINALIDADE	MODIFICACIÓN
231.22799	3.000	Servizo de lavandería sobre rodas	Suplemento de crédito
231.22799	65.000	Servizo de axuda no fogar	Suplemento de crédito
TOTAL	68.000		

INGRESOS.

CONCEPTO	IMPORTE	FORTE DE FINANCIAMENTO
870.00	68.000	REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA GASTOS XERAIS
TOTAL	68.000	

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

Ás 19:45 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

CONCELLO DE MUXÍA, luns 4 de maio de 2020

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña